

INFORME DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL.

INFORME AUDITORÍA EXERCICIO 2009.

USC

Proposta de Informe da Comisión de Asuntos Económicos ao Pleno

Ao igual que xa ten feito o Consello Social respecto da Auditoría dos anos 2002, 2003, 2004, 2005, 2006 e 2008 recóllense de seguido a propostas de conclusións da Comisión Executiva e da Comisión de Economía sobre o Informe de Auditoría do Exercicio 2009, celebrada o pasado día 26 de maio, para a súa análise e, no seu caso aprobación polo Pleno.

De novo consideramos oportuno destacar a corrección por parte da USC no 2009 das incidencias postas de manifesto en exercicios anteriores, seguindo en gran medida as propostas e consideracións realizadas polo propio Consello Social.

De feito, o informe de auditoría non presenta ningunha salvedade –só dúas limitacións de alcance–, o que pon de manifesto o importantísimo avance neste ámbito –ver [Informe Auditoría 2001](#)–, confirmando que a situación económica da USC está ordenada e reconducida.

En todo caso, analizamos de seguido cada unha das limitacións de alcance incluídas no informe.

3.- Constitúe de novo unha limitación de alcance que se repite respecto de anos anteriores. Á marxe de que sería necesario un estudo actuarial –cun custo significativo– para efectuar unha cuantificación do gasto previsible nos vindeiros anos polos premios por xubilación que ten acordados a USC, non é a operativa das administracións públicas bloquear recursos orzamentarios para facer fronte a estes premios futuros. No capítulo de gastos de persoal de cada exercicio dótanse as partidas coas previsións de gasto para cada exercicio. Os gastos por este concepto non son de contía moi elevada -81 mil euros no ano 2007; 66 mil no 2008 e 142 mil euros no 2009-.

En todo caso, a USC dotou provisións na súa contabilidade financeira por este concepto por importe de 108 mil euros.

COMENTARIO XERAL SOBRE AS PROVISIÓNS

Os organismos públicos están suxeitos na súa actividade económica a un orzamento aprobado. Rexistran as súas operacións cos mecanismos da contabilidade orzamentaria e, posteriormente mediante un envorcado automático desta tamén rexistran a súa actividade con criterios de contabilidade financeira, completándose esta mediante a realización de asentos contables por aquelas operacións que non se xeran automaticamente na execución orzamentaria: en concreto as amortizacións, provisións, axuste de valores patrimoniais, etc..

*Nas limitacións que indican os auditores fan referencia ao tema de **provisións**, que se reflecten na contabilidade financeira pero que na orzamentaria só terían cabida reservando cada ano unha*

parte do gasto coa finalidade de crear un fondo para cubrir eses posibles gastos no futuro o que suporía un bloqueo dos recursos correspondentes.

Non parece lóxico realizar esta operativa e si contemplar –como ven facendo a USC e o resto de administracións-, no orzamento de cada exercicio os gastos estimados para a cobertura das contingencias previstas para ese período polos motivos antes mencionados, aínda que realmente poidan ter a súa orixe ou estar relacionados con exercicios anteriores –no caso dos premios de xubilación durante a vida laboral do empregado-. Financeiramente si poderíamos dotar as provisións, e así o estamos a facer nos conceptos máis significativos, pero o importante é dotar os recursos necesarios no orzamento de cada exercicio.

4.- As obrigas referidas nesta limitación de alcance correspóndense con facturas que se aboan nun ano posterior ao da súa emisión, tendo a súa orixe, principalmente, no proceso de peche do exercicio que implica que facturas que se tramitan fora dos prazos establecidos –mediados de decembro para a maioría-, se imputen ao exercicio seguinte. Debemos ter en conta que a case totalidade destas débedas páganse con créditos con financiamento finalista que tamén se incorporan ao exercicio seguinte.

Aínda que na data de peche da contabilidade reflíctese o saldo nese momento –neste ano a día 28 de febreiro do 2010-, as facturas tramitadas con posterioridade séguense a contabilizar como débedas. De feito, as cifras reflectidas pola auditoría no seu informe foron suministradas pola propia USC á firma auditora –non estimadas por ela-, ao longo do seu traballo nun momento posterior ao peche contable e, polo tanto reflicten un saldo maior. De aí que na Memoria a USC recoñeza 738.386,94 fronte a cifra recollida pola firma auditora no seu informe de 1.142.560,53 euros.

De feito, a data de 18 de maio, practicamente pechado o proceso de recoñecemento e pago de débedas, a cantidade destas ascende a 1.564.305,02€ -cifra superior a reflectida pola Firma Auditora-, debendo diferenciar:

Débedas pagadas no 2010 con créditos finalistas incorporados: 1.276.178,61€

Débedas pagadas no 2010 con cargo a créditos do exercicio 2010: 288.126,61€

En relación con estas últimas, debemos ter en conta que se teñen incorporado créditos non afectados financiados con recursos propios do peche do exercicio 2009 ao exercicio 2010 por importe de 4.738.449,20 euros, excluídos Centros e Departamentos. Cantidade esta que cubre máis que sobradamente o importe das débedas que se pagan con cargo a créditos do exercicio 2010, non afectando ás dotacións do Orzamento deste ano.

Axúntanse Informes do Servizo de Contabilidade e Orzamentos.

Xunto co anterior, a Comisión Executiva quere deixar constancia das seguintes conclusións, froito da exposición realizada por parte da Firma Auditora na sesión antes referida e do debate aberto cos membros da Comisión Executiva.

1. A Firma Auditora destacou a corrección completa das salvedades que se tiñan reflectido en informes anteriores ata chegar ao informe actual, que non contén salvedades e tan só dúas limitacións de alcance.
2. A Firma Auditora deixou constancia tamén da colaboración plena do Equipo de Dirección da Universidade no traballo desenvolvido no proceso de auditoría, pondo toda a información a súa disposición e tentando facilitar o traballo da Auditoría ao máximo posible. Neste senso, a preguntas do vicerreitor de Economía para que deixasen constancia de si tiveron a súa disposición toda a documentación que consideraron necesaria e de si podería existir documentación non entregada, a Firma Auditora volveu a deixar constancia que a colaboración foi total e que si tivesen detectado a posibilidade de existencia de documentación que non puidesen analizar o terían reflectido no informe.
3. A Firma Auditora expuxo que son unha entidade especializada na auditoría de Universidades, estando actualmente auditando a máis de dez universidades no Estado español, o cal lles permite coñecer en profundidade as singularidades das mesmas polo que o informe reflicte plenamente a realidade da USC.
4. Tamén destacou a firma auditora que de todas as universidades que veñen auditando, a USC é a mellor na presentación da información, na ordenación dos seus estados financeiros e na aplicación de criterios de prudencia na contabilización das operacións.

A Comisión Executiva e o Equipo de Dirección da USC trasladaron á Firma Auditora o agradecemento polo traballo desenvolvido e pola premura na súa realización, dando resposta á demanda que dende o Consello Social se realizou neste senso para ter rematada a Auditoría antes de finais de maio. Quérese deixar constancia deste esforzo e agradecelo.

Polo que respecta ás auditorías das sociedades mercantís nas que participa a USC (Unixest, Uninova, Unidixital, Unirisco e Cursos Internacionais) ningunha presenta salvedades nos seus respectivos informes.



As débedas (obrigas de anos anteriores a 2010) rexistradas contablemente á data 18/05/2010 con cargo ao orzamento deste ano acadan o importe de 1.564.305,02 €; teñen cobertura orzamentaria cos créditos con financiamento finalista incorporados de 2009 pola contía de 1.276.178,61 € , a diferenza -288.126,61- vai con cargo aos ordinarios do orzamento ou aos incorporados con financiamento propio.

Santiago de Compostela, a 19 de maio de 2010

O xefe do Servizo de Contabilidade e Orzamentos

A handwritten signature in black ink, which appears to be 'M. Clavero Iglesias', is written over the printed name.

Asdo. : Manuel Clavero Iglesias



Dos remanentes de crédito de 2009 incorporados a 2010 o importe que se correspondería con financiamento de fondos propios sería o seguinte :

CAPÍTULO 2

SERVIZOS CENTRAIS : CALIDADE	111.887,26
CENTROS : CALIDADE	349.203,83
CENTROS : PRÁCTICAS DE CAMPO	244.950,84
SERVIZOS CENTRAIS : COMPROMISOS DE GASTO	93.332,60
	799.374,53

CAPÍTULO 6

SERVIZOS CENTRAIS .OBRAS,PROXECTOS,ETC.	2.305.561,67
SERVIZOS CENTRAIS :EQUIPAMENTOS	894.829,46
CENTROS : EQUIPAMENTOS	1.348.224,12
BIBLIOTECAS	115.108,51
DEPARTAMENTOS	5.835.670,83
SERVIZOS CENTRAIS : CRÉDITOS INVESTIGACIÓN	1.217.729,70
	11.717.124,29

TOTAL REMANENTES INCORPORADOS CON FONDOS PROPIOS

12.516.498,82

Santiago de Compostela, a 19 de maio de 2010

O Xefed do Servizo de Contabilidade e Orzamentos

Asdo. : Manuel Clavero Iglesias